

VRAÓ!

O venres 11 e sábado 12 de xullo terá lugar o primeiro proxecto de **Ó!Cultural**, un festival de música independente galega que se desenvolverá en diferentes localizacións de **Foz**, co patrocinio de determinados establecementos hostaleiros da vila e tamén da A.C.I.A., o Concello de Foz e a Deputación de Lugo.

O nome que dende Ó!Cultural eliximos para este primeiro evento é simplemente **VRAÓ!**, sen máis, porque consideramos que esta palabra ten a suficiente forza e significado como para transmitir todo o que desexamos, xa que é un termo con moita carga identitaria para a nosa zona.

Co porto como escenario protagonista e coas localizacións irmás das rúas Illa Nova e Concello de Sarria, a vila tinguirase de música durante dous días que prometen ser máxicos.

Un dos puntos máis atractivos do festival é que será de balde, cuestión que supón un importante esforzo por parte da asociación e dos colaboradores. Neste sentido, **VRAÓ!** é unha combinación gratuita de sons, identidade, sabores e paisaxe. É unha recuperación da música na rúa como elemento de igualación social e de disfrute. É unha aposta polo pequeno formato como signo distintivo de calidade, rigor e encanto. É unha achega pequena pero moi representativa ao que está a acontecer musicalmente en Galicia nos últimos tempos, que é moito.

VRAÓ! son 5 escenarios polos que pasarán 9 bandas integramente galegas.

Venres 11 xullo:

Grampoder (escenario A Maseira)
The Lost Omelette Makers (escenario A Maseira)
Sub Rosa (escenario Namarinos)

Sábado 12 xullo:

The Loopholes (escenario Pachán Club)
Trilitrate (escenario Rente Ao Mar Ese Camiño)
Caxade (escenario Rente Ao Mar Ese Camiño)
Djalminha (escenario Trás!)
El Monstruo (escenario Trás!)
Unicornibot (escenario Trás!)

*Os horarios están suxeitos a posibles cambios pero, con carácter xeral, o venres ocuparán a franxa entre as 22:00h. e as 2:30h. e o sábado entre as 20:00h. e as 3:30h.

**O escenario "A Maseira" está patrocinado polo Bar A Maseira. O escenario "Namarinos" polo Pub Namarinos. O escenario "Pachán Club" polo Bar A Rambla. O escenario "Rente ao mar ese camiño" polos bares O Lar e A Funcional. E o escenario "Trás!" polo Bar O Muelle e Pub Namarinos.

VRAÓ! é o 1º round no combate que Ó!Cultural libra de forma moi consciente a favor da cultura do país. VRAÓ! é a volta ao lugar que nunca debimos deixar.